


NENAS E NENOS

Identidade e corpo



naizen

Adingabe Transexualen Familien Elkartea | Asociación de Familias de Menores Transexuales

Material didáctico

O obxectivo deste material didáctico é traballar o coñecemento básico sobre a identidade e o corpo, para poder comprender os feitos de diversidade. Centrando concretamente o foco en comprender a relación entre a identidade sexual e os xenitais.

Ata agora, nas escolas, o prantexamento que se transmitiu é que neno=pene e nena=vulva, e isto non é correcto porque non explica toda a realidade e nega a existencia de unha parte das nenas e nenos. Con este material quérese aclarar que a identidade sexual é unha cuestión de subxectividade, e isto non se atopa nos xenitais. Facendo explícito o feito de que hai nenas con pene e nenos con vulva.

A identidade solo se pode coñecer a través do relato do suxeito, isto é, preguntándolle. Como aos personaxes debuxados deste material non lles po-

demos preguntar, decidimos usar o aspecto do pelo para que quen use este material vexa un neno ou unha nena. É importante subraiar que, por suposto, hai nenas co pelo curto e nenos co pelo longo.


Decidimos tamén usar para os debuxos deste material unha sola silueta, para poder focalizar no tema que queremos traballar. Queremos subraiar tamén que os nenos e as nenas de verdade non son como os debuxos aquí presentados, e que hai quen ten a pel máis clara e máis escura, quen é máis alta ou máis baixa, máis flaco ou máis gordo, con distintos trazos faciais, quen se move en cadeira de rodas, quen ten un solo brazo...

Esperamos que este material sexa útil. Agradeceremos que, na medida en que sexa usado, se nos fagan chegar observacións e aportacións para melloralo.


SER NENA E SER NENO

Eu non son nena ou neno,
por ter o pelo curto ou longo,
por xogar con bonecas ou balóns,
por ter pene ou vulva.
Eu non son nena ou neno
porque o digan os demais.
Eu son nena ou neno
porque sei que o son.
E só eu podo dicir qué son.

Eu son nena



Eu son neno



Edita

Asociación Naizen
www.naizen.eus
info@naizen.eus
688728055

Idea Aingeru Mayor

Tradución Tere Pérez González

Debuxos Mattin Martiarena

Deseño Nagore Koch

Depósito legal
SS-2047-2016



Este material didáctico pode ser copiado e fotocopiado, enviado e reenviado, difundido...
É máis, invitámoste a que o fagas.
Iso si, non esquezas mencionar a autoría, e non o uses con fins comerciais.

TODAS DIFERENTES

Algunhas nenas somos máis altas e outras máis baixas.
Algunhas máis delgadas e outras máis gordas.
Algunhas temos a pel máis clara e outras máis escura.
Algunhas temos moitas pecas e outras case ningunha.
Temos o pelo loiro, negro, castaño, vermello...

Algunhas nenas temos o pelo curto e outras témolo looooooooooongo.
Algunhas levamos o pelo peiteado e outras despeiteado.
Algunhas levamos o pelo solto e outras levamos trenza ou coletas.

Algunhas nenas levamos pantalóns e outras levamos saias.
A algunhas gústanos máis os disfraces de superheroe e a outras os de princesa.
A algunhas gústanos xogar con bonecas e a outras ó balón.
A algunhas gústanos máis subir ás árbores e a outras estar sentadas falando.


Algunhas gritamos moito e outras falamos máis baixiño.
Algunhas somos máis tímidas e outras máis atrevidas.

Algunhas nenas temos máis pelos nos brazos e outras temos menos.
Algunhas temos a voz grave e outras témola aguda.
Algunhas temos vulva e outras temos pene.

As nenas somos de moitas maneiras.
Todas diferentes.

¿CÓMO SON AS TÚAS AMIGAS?

Algunhas son máis
e outras máis
A algunhas gústalles máis
e a outras
Algunhas levan
e outras
Algunhas teñen
e outras



TODOS DIFERENTES

Algúns nenos somos máis altos e outras máis baixos.
Algúns máis delgados e outros máis gordos.
Algúns temos a pel máis clara e outros máis escura.
Algúns temos moitas pecas e outros case ningunha.
Temos o pelo loiro, negro, castaño, vermello...

Algúns nenos temos o pelo curto e outros témolo looooooooooongo.
Algúns levamos o pelo peiteado e outros despeiteado.
Algúns levamos o pelo solto e outros levamos trenza ou coletas.

Algúns nenos levamos pantalóns e outros levamos saias.
A algúns gústanos máis os disfraces de superheroe e a outros os de princesa.
A algúns gústanos xogar con bonecas e a outros ó balón.
A algúns gústanos máis subir ás árbores e a outros estar sentadas falando.


Algúns gritamos moito e outros falamos máis baixiño.
Algúns somos máis tímidos e outros máis atrevidos.

Algúns nenos temos máis pelos nos brazos e outros temos menos.
Algúns temos a voz grave e outros témola aguda.
Algúns temos vulva e outros temos pene.


Os nenos somos de moitas maneiras.
Todas diferentes.

¿CÓMO SON OS TEUS AMIGOS?


Algúns son máis
e outros máis
A algúns gústalles máis
e a outros
Algúns levan
e outros
Algúns teñen
e outros




HAI...




Hai
nenas con vulva...



...e
nenas con pene




Hai
nenos con vulva




...e
nenos con pene

Os xenitais de cada nena e de cada neno son diferentes.
Hai penes e vulvas de todos os aspectos,
como o resto das partes do corpo, ¡claro!
E ás veces tamén hai xenitais que non se parecen
nin a un pene nin a unha vulva, ou que se parecen a ambos.

MÁIS E MENOS




A maioría das nenas temos vulva
e algunhas temos pene.



A maioría dos nenos temos pene
e algúns temos vulva.

¿CÁNTOS E CÁNTAS?





Hai nenas con vulva e nenas con pene.
Hai nenos con pene e nenos con vulva.
A ver se atopas neste grupo cántos e cántas hai de cada.



Segundo algunhas investigacións
de cada 1000 nenos un ten vulva,
e de cada 1000 nenas unha ten pene.


O PELO, A PEL... CADA UNHA, CADA UN, DIFERENTE

Hai tanto nenas como nenos
co pelo curto e co pelo longo.
Hai quen o ten rizado e quen o ten liso,
nenas e nenos que levan coletas, trenzas ou cresta,
quen o ten loiro ou castaño, vermello ou negro...
coa cor da pel máis clara ou máis escura.
Píntalles aquí ao teu gusto
o pelo e a cor da pel.



¿E TI?


Debuxa aquí o teu corpo...



...e escribe aquí o teu nome

A TÚA FAMILIA

Debuxa aquí a túa familia...





naizen

Adingabe Transexualen
Familien Elkartea

Asociación de Familias
de Menores Transexuales

www.naizen.eus
info@naizen.eus
688 728 055